



Convocatoria para participar no programa “Finanzas para Mortais” enmarcado dentro do Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación da Universidade de Cantabria para o estudo e a investigación do sector financeiro (UCEIF) e o Banco Santander S.A. para o establecemento dun marco de actuación conxunta en favor do desenvolvemento do espírito emprendedor no marco de Eduemprende.

## OBXECTIVO

Esta convocatoria ten por obxecto fomentar o emprendemento e a cultura financeira no sistema educativo non universitario como motores da innovación, a competitividade e o crecemento da economía. Esta actuación está encadrada no Plan de Emprendemento no Sistema Educativo Eduemprende.

## DESCRIBIÓN DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria vai dirixida ao alumnado de centros educativos sostidos con fondos públicos de 3º e 4º da ESO, 1º e 2º de Bacharelato e ciclos formativos de Formación Profesional. As actividades que se desenvolverán neste programa son as seguintes:

1. Actividades formativas para o alumnado de 3º e 4º da ESO, 1º e 2º de Bacharelato e ciclos de Formación Profesional. Estas actividades comprenderán sesións presenciais, talleres e charlas organizadas impartidas por persoal voluntario do Banco de Santander. Desenvolverase en dúas sesións de hora e media, que serán impartidas en diferentes días. No anexo V figuran catro opcións formativas. Cada centro deberá cubrir unha única opción por solicitude. Para que a formación sexa aproveitada de xeito óptimo polo alumnado, o número máximo por solicitude será de 30.
2. Programa de voluntariado de alumnado de Formación Profesional. O alumnado de Formación Profesional de Ciclos de Grao Superior de Administración e Finanzas recibirán a formación necesaria para incorporarse como voluntarios ás actividades descritas no apartado anterior. Esta actividade de formación desenvolverase nunha sesión de tres horas.
3. Actividades formativas específicas para a Rede de viveiros de empresa en centros educativos. Esta actividade terá carácter trimestral e será obrigatoria, desenvolvéndose nunha única sesión de 3 horas de duración.  
Cada responsable de viveiro deberá reflectir no Anexo VI as tres datas de formación solicitadas.  
Ver programa formativo no Anexo VII.



## SOLICITUDE

Trala publicación da convocatoria na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria <http://www.edu.xunta.es/fp> , as solicitudes para participar no programa enviaranse ao enderezo [eduemprende@edu.xunta.es](mailto:eduemprende@edu.xunta.es) ata o 30/09/2018.

## SELECCIÓN DOS CENTROS

Os centros seleccionaranse segundo a orde de entrada da solicitude no enderezo sinalado, tendo en conta que se asinará unha actividade por nivel. No caso de que queden prazas vacantes poderase participar con alumnado de máis dun nivel educativo.

## CALENDARIO E HORARIO

1. As actividades formativas, realizaranse os luns, mércores e xoves de outubro a a maio en dúas sesións de hora e media a impartir en dous días distintos. O horario da formación pode ser de 10: 00 a 11:30 ou de 11:30 a 13:00, suxeitos a modificación por acordo entre o centro e os voluntarios do Santander que impartirán a formación.

A data de inicio do programa será o 15/10/2018.

2. A actividade de formación incluída no programa de voluntariado para o alumnado de Formación Profesional dos ciclos de grao superior de Administración e Finanzas realizarase no mes de outubro nunha única xornada en horario de mañá.

Os alumnos que queiran participar deben cumprimentar e asinar o Anexo III.

## PROGRAMA DE ACTIVIDADES

1. O programa das actividades formativas detallase no Anexo V.
2. O programa de voluntariado para o alumnado do Ciclo de Grao Superior de Administración e Finanzas, detallase no Anexo IV.

O material relativos ás catro opcións formativas colgarase na páxina web da Consellería no enderezo <http://www.edu.xunta.es/fp/eduemprende> .



**ANEXO I**

**SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN PARA ACTIVIDADES FORMATIVAS.**

DATOS DO CENTRO				
CENTRO		CÓDIGO DO CENTRO		CIF
ENDEREZO		C.P	LOCALIDADE	CONCELLO
TELÉFONO	FAX		ENDEREZO ELECTRÓNICO	
PERSOA COORDINADORA	TELÉFONO DE CONTACTO		ENDEREZO ELECTRÓNICO DE CONTACTO	
Nº DE ALUMNOS/AS PARTICIPANTES ( máximo 30)	CURSO/CICLO (Non se admitirán abreviaturas)		OPCIÓN FORMATIVA QUE DESEXA ( 1, 2, 3, OU 4)	
DATAS DE PREFERENCIA			HORARIO DESEXADO ( hora e media por sesión)	
1ª sesión: día .....de.....de..... 2ª sesión: día .....de.....de.....			1ª sesión: de.....a..... 2ª sesión: de.....a.....	
SINATURA DO DIRECTOR/A DO CENTRO SOLICITANTE			SINATURA DA PERSOA COORDINADORA	



## ANEXO II

### SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN PARA O ALUMNADO DO CICLO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS PARA O PROGRAMA DE VOLUNTARIADO.

DATOS DO CENTRO				
CENTRO	CÓDIGO DO CENTRO			CIF
ENDEREZO	C.P.	LOCALIDADE	CONCELLO	PROVINCIA
TELÉFONO	FAX		ENDEREZO ELECTRÓNICO	
PERSOA COORDINADORA	TELÉFONO CONTACTO	DE	ENDEREZO ELECTRÓNICO DE CONTACTO	
Nº DE ALUMNOS/AS PARTICIPANTES	CICLO E CURSO ( Sen abreviaturas)			
SINATURA DO DIRECTOR/A DO CENTRO SOLICITANTE			SINATURA DA PERSOA COORDINADORA	



**ANEXO III**

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO DO CICLO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS PARA O PROGRAMA DE VOLUNTARIADO.**

O alumno ..... estudante de.....ano do Ciclo de Grao Superior de Administración e Finanzas no Centro .....  
..... solicita participar no programa de voluntariado.

Asinado:



#### **ANEXO IV: PROGRAMA DE VOLUNTARIADO**

Este programa está dirixido a alumnado de 1º e 2º curso do Ciclo superior de Administración e Finanzas e consta de dúas partes:

- Na primeira parte o alumnado recibirá tres horas consecutivas de formación, que acompañadas do material e metodoloxía axeitadas lles permitirá a súa posterior labor de voluntarios.
- Na segunda parte, este alumnado, acompañado dun voluntario do Banco Santander impartirá as opcións 1 e ou 2 das actividades formativas detalladas no Anexo IV.

As sesións nas que participarán serán decididas polo centro ao que pertencen de forma consensual cos voluntarios do Banco Santander.

Unha vez rematado este programa o alumnado recibirá, un diploma acreditativo do número de sesión impartidas emitido polo Santander Financial Institute ( UCEIF)



## ANEXO V : PROGRAMA DE ACTIVIDADES FORMATIVAS

### OPCIÓN 1

#### **Nico quere unha cousa!**

- Educación Financeira
- Por que é importante saber de finanzas?
- Consumo Intelixente
- Por que facer un presuposto?
- O Aforro.

#### **De onde ven os euros?**

- Que é o diñeiro?
- Orixe do diñeiro.
- Principais divisas.
- O Euro.
- O diñeiro virtual (Bitcoins).
- Recursos metodolóxicos.

#### **Aprendendo a aforrar**

- Os diferentes usos do diñeiro.
- Consumo e aforro responsables.
- Como administrar o diñeiro de forma eficiente nunha economía familiar

#### **El proxecto solidario de Ana**

- O concepto de rendibilidade y o custo de oportunidade.
- Inversións rendibles vs inversións solidarias.

### **OPCIÓN 2**

#### **Como manexa Nico as súas contas?**

- Contas bancarias e depósitos á vista.
- Que son as tarxetas bancarias?.Tipos e características.
- Transferencias e cheques.
- A banca a distancia.

#### **Os aforros de Nico**

- Produtos de aforro: depósitos a prazo.
- Contas correntes vs cadernos.
- Produtos de inversión.
- Renda Variable: bolsa, fondos de inversión, planes de pensións.

#### **Hai que cambiar la neveira!**

- Produtos de financiamento.
- O endebedamento intelixente.
- Un crédito o un préstamo?
- Préstamos: persoal ou hipotecario.

#### **De viaxe ao estranxeiro**

- Cambio de moedas: canto, cando e onde facelo.
- Uso tarxetas no estranxeiro: efectivo vs tarxeta. Consellos.
- Outros medios: apps de envío de diñeiro



### OPCIÓN 3

#### Como vai o meu país

- Análise da economía dun país.
- Principais indicadores económicos: PIB, desemprego, débeda, inflación.
- Vídeo: variables macroeconómicas.

#### Como consegue diñeiro un país

- Principais ingresos públicos.
- Débeda pública.
- Cotizacións sociais.
- Transferencias recibidas.
- Impostos.

#### Como gasta un país

- Orzamentos xerais do Estado.
- Quen gasta nun país.
- Principais partidas de gasto.

#### A xubilación do avó.

- O Sistema da Seguridade Social.
- Os cambios demográficos: Taxa de natalidade, Esperanza de vida, Pirámide de poboación.
- Evolución das pensións.
- Que outras opcións existen, comparación de sistemas.

### OPCIÓN 4

#### Como labrarme un futuro?

- Empelado vs. Traballador por conta propia
- Nómina vs. Orzamento/factura
- Impostos: IRPF, IVE
- Cotización Seguridade Social.

#### Teño un proxecto en mente!

- Plan de negocio: Modelo Canvas
- Idea: proposta, actividades, recursos.
- Asociacións: clientes e socios.
- Comercial: canles e relación.
- Números: estrutura custos e fluxo de ingresos.

#### Vou a montar una empresa

- Persoa física vs. Persoa xurídica.
- Principais tipos de empresa.
- Puntos a valorar.
- Cadro comparativo.

#### Como facer medrar a miña empresa

- Tipos de financiamento.
- Financiamento propio: 3F e autofinanciamento.
- Financiamento alleo: crowdfunding, crowlending, subvencións, Business Angel.
- Conta de resultados simplificada.





## ANEXO VI

### SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN PARA A XORNADA DE FORMACIÓN NA REDE DE VIVEIROS DOS CENTROS EDUCATIVOS

DATOS DO CENTRO					
CENTRO		CÓDIGO DO CENTRO		CIF	
ENDEREZO		C.P	LOCALIDADE	CONCELLO	PROVINCIA
TELÉFONO	FAX		ENDEREZO ELECTRÓNICO		
PERSOA COORDINADORA	TELÉFONO DE CONTACTO		ENDEREZO ELECTRÓNICO DE CONTACTO		
DATAS DE PREFERENCIA		HORARIO DESEXADO ( 3 horas cada trimestre)			
Primeiro trimestre: ..... /..... /.....		Primeiro trimestre: de.....a.....			
Segundo trimestre: ...../...../.....		Segundo trimestre: de.....a.....			
Terceiro trimestre: ...../...../.....		Terceiro trimestre: de.....a.....			
SIGNATURA DO DIRECTOR/A DO CENTRO SOLICITANTE		SIGNATURA DA PERSOA COORDINADORA			



## **ANEXO VII**

### **PROGRAMA DE FORMACIÓN ESPECÍFICO PARA A REDE DE VIVEIROS DE EMPRESA EN CENTROS EDUCATIVOS.**

#### **Emprendemento para o emprego.**

##### **■ O emprendedor e o seu ecosistema**

###### **O emprendemento e o emprendedor**

- O emprendemento.
- Perfil e claves do emprendedor e a idea.
- Ferramentas: Os valores e o carácter.
- Os clientes e os provedores.
- Os socios e os competidores.
- A administración e a financiamento.
- Os distintos tipos de sociedades.

###### **A empresa e o balance.**

- O autónomo.
- Tipos de actividade.
- A empresa, ingresos e gastos.
- Fixos Vs Variables.
- Directos Vs Indirectos.
- O balance, a fotografía da empresa.
- O que ten a empresa: Activo.
- O que debe e o que aportan os socios: Pasivo.

##### **■ O meu negocio: Conta de resultados, financiamento e garantías.**

###### **A conta de resultados.**

- A conta de resultados.
- Como de elabora?.
- Marxes e Beneficios.
- As entradas e saídas de cartos, o control sobre elas..
- Tipos de entradas e saídas de diñeiro.
- Fluxos de caixa.

###### **Financiamento.**

- A quen acudo?: financiamento propia/ financiamento alleo.
- Garantías. Que supón?, a quen acudir?: avales/propiedades/empresas.
- Como é o meu negocio/proxecto?: documentos de cobro e pago/a importancia dos prazos dos meus cobro e dos meus pagos.